



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) PARA “ANÁLISE DE BIOTOXINAS DENTRO DO CONTROL OFICIAL DE MOLUSCOS BIVALVOS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) subscribiron con data 30/10/20 un acordo que ten por obxecto, no marco da Rede de Laboratorios constituída o 4 de febreiro de 2016, establecer unha liña específica de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Intecmar, que posibilite a transmisión bidireccional da información relativa a biotoxinas, criterios microbiolóxicos (salmonella e vibrio), norovirus, dioxinas de PCB's e metais pesados dos moluscos bivalvos procedentes das rías galegas e a realización de análises de biotoxinas para o control sanitario dos moluscos bivalvos procedentes de establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, facilitando o exercicio das competencias de control sanitario atribuídas á Consellería de Sanidade e á Consellería do Mar. Dito acordo substitúe e deixa sen efecto o asinado polas partes con data 1/10/19.

Que o Intecmar, como laboratorio oficial de referencia na nosa Comunidade Autónoma e integrante de REDGALICIA, comprométese a transmitir información nos supostos e de conformidade co establecido no Anexo do presente acordo, e realizar as analíticas de toxinas lipofílicas, análise de toxicidade tipo PSP e análise de toxicidade de tipo ASP polos respectivos métodos de referencia.

Que a Consellería de Sanidade comprométese a intercambiar información, realizar, a través dos seus Servizos de Inspección de Saúde Pública, a toma de mostras e remitilas ao laboratorio do Intecmar, e colaborar no financiamento do custe da realización de 200 analíticas, ata un máximo de trinta mil euros (30.000 €) anuais, a razón de 150€/análise, con cargo á aplicación 1202.413A.661.01 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para os anos 2020,2021,2022,2023 e 2024.

Dita cantidade unicamente cubre unha parte dos gastos xerados pola realización das analíticas, sendo a outra parte asumida polo propio Intecmar coa aplicación dos seus medios e recursos.

Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o mantemento da colaboración iniciada no ano 2019 para o control oficial de mariscos bivalvos.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

